



## BASES CONCURSO II CERTAME DE FOTOGRAFÍA LETRAS GALEGAS 2022

Con motivo da semana da Letras Galegas, o 17 de maio de 2022, dedicadas a **Florencio Delgado Gurriarán**, o Concello de Cerceda organiza o seu segundo certame de fotografía Letras Galegas para este ano 2022, onde a lectura e a natureza van da man.

### 1-PARTICIPANTES.

Poderán participar todas as persoas empadroadas no Concello de Cerceda.

### 2- FORMATO.

Nas fotografías débese de ver de xeito claro o libro que se está a ler, que sexa en lingua galega e o espazo no que se atopa estea situado dentro do concello.

A imaxe debe ir acompañada de:

-Os datos persoais da persoa que aparece na fotografía: nome, apelidos e idade.

-A persoa que achegue a fotografía debe ser maior de idade.

-Estar empadroado no concello.

-Un título da fotografía e unha frase que resuma o motivo da elección do libro e lugar.

### 3- PRAZOS DE PRESENTACIÓN.

Teñen que achegala fotografía ao correo electrónico **cultura@cerceda.es** desde o sábado 14 de maio ao venres 20 de maio ás 14 horas.

### 4-XURADO.

O xurado estará composto por membros técnicos da Área de Turismo e Cultura do Concello de Cerceda.

O resultado do certame de fotografía será o xoves 26 de maio, no Facebook e Instagram do Concello de Cerceda faranse públicos os resultados.

Todas as fotografías serán expostas na Sala de Exposición Xosé Neira Vilas da Biblioteca Municipal de Cerceda.

### 5-CRITERIOS DE VALORACIÓN..

Farase unha valoración na orixinalidade na composición da foto.

Na fotografía é imprescindible que se vexa claramente o libro en galego e o recuncho dentro do noso municipio.

### 6-PREMIO

A foto premiada no certame de fotografía levará un libro electrónico.



## BASES CONCURSO FOTOGRAFÍA CERTAME LETRAS GALEGAS 2021

### 7-DEREITOS DE AUTOR.

- O Concello resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das imaxes remitidas ó certame sen que medie ánimo de lucro e sen que, en ningún caso, poidan ser obxecto de compravenda.

-En ningún caso, serán esixibles ó Concello dereitos de autor ou de imaxe por parte das persoas que aparezan nas imaxes.

-Cada persoa participante no concurso consinte que o Concello de Cerceda faga públicos a través da súa páxina de Facebook e Instagram os datos facilitados para a inscrición, agás os números de teléfono.

### 8- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.

Tan só se farán públicos o nome e apelidos e idade, así como a fotografía que acheguen o correo do certame. Estes datos faranse públicos a través da páxina web e redes sociais do Concello de Cerceda. De acordo coa LOPD, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados para a participación no certame, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable o Concello de Cerceda. Os datos serán tratados de xeito confidencial e usado para os fins expresados.

Se desexa que se elimine algún comentario, fotografía, vídeo ou calquera outro elemento relacionado co seu usuario, poderá comunicalo enviándonos unha mensaxe privada, ou por correo electrónico: [alcadia@cerceda.es](mailto:alcadia@cerceda.es).

### 9- ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN.

A participación neste certame supón a total aceptación das bases por parte de cada unha das persoas que aparezan nas imaxes e cuxos datos se envíen ó Concello de Cerceda coa finalidade de participar no mesmo.